



As consecuencias da represión franquista organizan a realidade galega nas décadas por vir. Os resultados desa violencia fundacional fanse naturais até se volver invisibles, mentres a vida segue e recomeza sobre longas zonas de sombra e de silencio. A cotidianidade do fascismo –e o fascismo como cotidianidade– reflíctese nas fotos oficiais, nese regueiro de mitins, actos polos caídos e desfiles, que nace da propia guerra, pero que se estende durante décadas. Vaise enrestrando con outro conxunto de imaxes: as das inauguracións de fábricas e obras públicas, propias dun desenvolvemento autoritario, que asume como misión a transformación económica e social, extractiva e turística, do país. Fronte dun mundo popular e labrego, coa Modernidade e o progreso por bandeira, o disciplinamento da guerra asenta os fundamentos para un tempo futuro que –de Fenosa e Celulosas de Galicia a Altri e GreenFiber– aínda habitamos, cos seus rostros coñecidos e escenarios domésticos, coa súa paisaxe devastada e as súa xestión vertical.

En íntima convivencia co réxime, fronte aos seus sentidos e xestos públicos, cabe reconstruír unha comunidade de resistencias e imaxinacións ocultas. En cada lugar adoptan formas diferentes, pero baixo a noite de pedra, nas súas diferentes soidades, con xestos as veces incomprensibles, outras non comunicados, homes e mulleres traballan con materias humildes para atoparen saídas mentais posibles ao drama do seu tempo. A violencia do franquismo desatou unha psicose na mente colectiva. E as respostas para sandar ese quiasmo son forzosamente oníricas. Son as mallas do canteiro José Meijón, que durante corenta anos fixou nas pedras da súa contorna a memoria rota republicana, facendo do seu compromiso cos mortos un petróglifo total. Ou o mundo imaxinario de Lema Otero, feito tamén de celtas e da Guerra Civil, de alianzas imposibles entre os percorridos da Santa Compañía e a electrificación do territorio no fondo da noite política. Nesa noite é onde habita *O Moucho*, o nome da colección editorial que na última década da ditadura fixo un importante traballo ao aliar –para un público extenso– novos e vellos nomes da literatura galega, e contos e chistes da tradición oral.

Ese exilio interior tan típico das artes populares do franquismo, este peche no privado que representa ao tempo o refuxio nos voos da imaxinación política, nas forzas da fantasía como lugar de resistencia, faise aínda máis vibrante no caso das mulleres, dúas veces expulsadas do público e fortemente restrinxidas no doméstico. Este é o caso das fábulas retro-galeguistas de Maruja Roca, co seu universo de nenas cantoras e *xentes de aquí e acolá*. Ou nas pezas das tecedoras, símbolos da capacidade dun mundo de seguir tirando dos seus propios fíos o seu sentido na historia. Esa mesma dureza dos traballos de crianza e dos oficios populares enche os cadros da época, como nas maternidades estraperlistas de María Antonia Dans, e convértese en obxecto de veneración, décadas máis tarde, nas *Matrias* de Viki Rivadulla, reescrituras feministas da escultura moderna traballando cos temores e os pensamentos, os sonhos e as feridas, as voces ocultas das varias xeracións de mulleres dunha longa posguerra, que ameazaba con estoupar en Palomares.

Sons na longa noite e fábulas da memoria